

# TI CONTAS

All of you are part of this



CEIP ALBORADA 23/24



ÁMBITO LINGÜÍSTICO

3ª tarefa 3º trimestre

## CLUB DE LETRAS - RADIO

<b>1. IDENTIFICACIÓN</b>	
<b>TÍTULO DA TAREFA:</b> “ Unha viaxe pola biblioteca “	
<b>ETAPA:</b> Educación Primaria	<b>NIVEIS:</b> 5º e 6º
<b>ÁMBITO / ÁREAS:</b> Lingua Galega, Sociais e Plástica	<b>PROFESORADO:</b> mestra encargada do ámbito no 3º ciclo
<b>DESCRIPCIÓN DA TAREFA</b> Realización da tarefa de usuarios da biblioteca. Plan de traballo por temáticas distribuídas na biblioteca Reseñas bibliográficas	
<b>XUSTIFICACIÓN</b> Traballamos o espazo da biblioteca e a tipoloxía textual de descrición de lugares por se atopar dentro dos contidos do Ciclo, o que nos vai permitir mellorar a competencia lingüística dos nosos alumnos e alumnas así como crear un vínculo emocional entre os lugares e a lingua.  Traballamos a organización da biblioteca e as reseñas literarias por ser obxectivos da competencia lectora e cidadá do alumnado	
<b>CONTEXTO</b> Realizarse dentro do contexto de aprendizaxe das linguas.	

<b>2. CONCRECIÓN CURRICULAR</b>		
<b>ACTIVIDADES</b>	<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN/ INDICADORES</b>	<b>INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN</b>
<b>Actividade previa:</b> formación de grupos heteroxéneos de 4 ou 5 persoas e asignación de roles.		
<b>1.</b> Realizar actividade de USUARIOS da biblioteca disponible na aula virtual	<p><b>LG-CA2.2.</b> Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, repreguntar (OBX3)</p> <p><b>LG - CA2.5.</b> Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel a partir de experiencias e interaccións orais próximas. (OBX3)</p>	Rexistro de observación
<b>2.</b> Identificar os distintos espazos e realizar reseñas sobre libros dunha zona determinada	<p><b>LG - CA3.4.</b> Analizar, de maneira progresivamente autónoma, o contido e aspectos formais e non formais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura, calidade, fiabilidade e idoneidade en función do propósito de lectura. (OBX4)</p> <p><b>LG-CA3.8.</b> Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e das virtuais, comprendendo a súa organización e colaborando no seu coidado e interesarse por manter e ampliar unha biblioteca propia, tanto física como virtual, contextos variados da literatura galega (OBX6)</p> <p><b>LG-CA4.3</b> Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento. (OBX6)</p>	Rúbrica
<b>3.</b> Libros de viaxes: revisar e seleccionar según intereses	<b>LG - CA3.7.</b> Elaborar textos escritos e multimodais coherentes, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e da información relevante (OBX5)	Rúbrica

<p><b>4. Realizar o tarefa pautada:</b>          Descrición do lugar          Ruta turística e persoal          Presentación ao público</p>	<p><b>LG-CA4.1.</b> Desenvolver un proceso de investigación individual, sobre algún tema de interese, realizado de maneira autónoma que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais, mediante a adaptación creativa de modelos dados. (OBX6)</p> <p><b>LG-CA4.4.</b> Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable no uso das tecnoloxías dixitais da información e da comunicación para a procura e tratamento guiado da información de modo eficiente e responsable. (OBX6)</p> <p><b>LG - CA2.5.</b> Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel a partir de experiencias e interaccións orais próximas. (OBX3)</p>	Rexistro de observación
<p><b>5. Exposición do traballo de maneira visual e telemática</b></p>	<p><b>LG-CA4.2.</b> Compartir os resultados dun proceso de investigación individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal ou ecosocial, realizado de maneira progresivamente autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes incluídas as dixitais. (OBX6)</p> <p><b>EPV - CA2.4.</b> Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas. (OBX4)</p>	Rúbrica
<p><b>Actividade de ampliación:</b> elaborar o guión e facer programa de viaxes para a radio escolar</p>	<p><b>CS-CA1.1.</b> Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede. (OBX1)</p>	Rúbrica
<p><b>Actividade de ampliación:</b>          Elaboración de entradas no blog da biblioteca</p>	<p><b>LG-CA5.7.</b> Producir, de maneira progresivamente autónoma, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, reelaborando con creatividade os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas. (OBX8)</p> <p><b>EPV - CA2.4.</b> Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas. (OBX4)</p>	Rúbrica

<b>Actividade de reforzo:</b> realizar as búsquedas con acompañamento		Rúbrica
<b>CONTIDOS ESPECÍFICOS DA TAREFA</b>		
Comprensión oral, escrita e audiovisual - Expresión oral e escrita - Estrutura dunha descrición de lugar - Análise de libros elaboración de reseñas - Traballo en equipo - Toma de decisións - Respecto polas opinións diferentes		

<b>3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA</b>				
<b>ACTIVIDADE</b>	<b>LUGAR DA ACTIVIDADE</b>	<b>AGRUPAMENTO</b>	<b>RECURSOS</b>	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>
<b>Actividade previa:</b> formación de equipos e asignación de roles.	Biblioteca	Inicialmente en gran grupo e despois en pequeno grupo (entre 4 e 5 membros)	Folios e útiles de escritura	30 minutos

<b>1.</b> Escoita activa e participación na formación de usuarios	Biblioteca	Pequeno grupo	Aula virtual	30 minutos
<b>2.</b> Identificar as partes dunha biblioteca e os distintos materiais que temos nela	Biblioteca	Gran grupo	Guía biblioteca	30 minutos
<b>3.</b> Escribir dúas reseñas bibliográficas	Biblioteca	Pequeno grupo	Exemplos	30 minutos
<b>4.</b> Escolla de lugares para realizar a guía de viaxe	Biblioteca	Gran grupo	Libros e revistas	30 minutos
<b>5.</b> Posta en común das distintas guías de viaxes e lectura en Radio Sito.	Biblioteca	Pequeno grupo		30 minutos
<b>Actividade de ampliación:</b> presentación en impress no ordenador	Biblioteca	Pequeno grupo	- ordenador.	Actividades a realizar polos grupos que remataron as tarefas antes de tempo
<b>Actividade de ampliación:</b> representación artística da actividade	Biblioteca	Pequeno grupo	Útiles escritura e material creativo	
<b>Actividade de Reforzo:</b> Acompañamento para a redución de contido	biblioteca	Pequeno grupo	Papel	Actividad a realizar por aquel alumnado con diversidade curricular

#### 4. AVALIACIÓN

4. AVALIACIÓN		
ASPECTOS A AVALIAR	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

ALUMNADO (ensinanza- aprendizaxe)	ESCALA DE VALORACIÓN (Rúbrica) REXISTRO DE OBSERVACIÓN DIRECTA	<p><b>Como?</b> mediante a observación directa e sistemática.</p> <p><b>Quen?</b> a mestra coordinadora de ámbito e as demais mestras que interveñen.</p> <p><b>Cando?</b> ao remate de cada xornada de ámbito recolle a información a titora responsable do ámbito do Club de letras - Radio do 3º Ciclo.</p> <p>Tamén ao remate da tarefa compartiranse perspectivas co equipo de ciclo nunha reunión de avaliación de ámbitos trimestral</p> <p>. Farase fincapé nos aspectos positivos.</p>
PRÁCTICA DOCENTE	FICHA RECOLLIDA DE INFORMACIÓN	<p><b>Como?</b> Cumprimentando a ficha.</p> <p><b>Quen?</b> a mestra coordinadora de ámbito e as demais mestras que interveñen.</p> <p><b>Cando?</b> ao remate de cada xornada de ámbito recolle a información a titora responsable do ámbito do Club de letras - Radio do 3º Ciclo. Tamén ao remate da tarefa compartiranse perspectivas co equipo de ciclo nunha reunión de avaliación de ámbitos trimestral. Farase fincapé nas propostas de mellora e nos aspectos positivos.</p>
DESEÑO DA TAREFA	FICHA DE RECOLLIDA DE INFORMACIÓN (Lista de cotexo)	<p><b>Como?</b> Cumprimentando a ficha.</p> <p><b>Quen?</b> a mestra coordinadora de ámbito e as demais mestras que interveñen.</p> <p><b>Cando?</b> ao remate de cada xornada de ámbito recolle a información a titora responsable do ámbito do Club de letras - Radio do 3º Ciclo. Tamén ao remate da tarefa compartiranse perspectivas co equipo de ciclo nunha reunión de avaliación de ámbitos trimestral. Farase fincapé nas propostas de mellora e nos aspectos. positivos.</p>

RÚBRICA					
ITEMS	4	3	2	1	CRITERIOS DE

						AVALIACIÓN
<b>TRABALLO EN EQUIPO</b>	<b>A. ACEPTA E VALORA AS APORTACIÓNS DO GRUPO</b>	Acepta e valora as aportacións do grupo aínda que sexan diferentes ás súas e procura incluílas no traballo.	Procura aceptar as aportacións do grupo aínda que sexan diferentes ás súas.	Cústalle aceptar as aportacións do grupo pero móstrase aberto á reflexión con axuda dun adulto.	Cústalle aceptar aportacións diferentes ás súas e non mostra interese por facelo.	LG - CA3.4.
	<b>B. PARTICIPA NAS DINÁMICAS DE TRABALLO EN EQUIPO</b>	Mostra interese por participar activamente e con concentración no traballo co grupo, durante toda a actividade e con actitude proactiva.	Mostra interese por participar activamente e con concentración no traballo co grupo, de forma habitual e durante a maior parte da actividade.	Mostra interese por participar activamente no traballo co grupo, pero só en determinados momentos do proceso.	Non mostra interese por participar no traballo co grupo, agás nalgunha actividade do seu agrado.	LG - CA3.4. EPV - CA2.4. CS - CA1.1.
	<b>C. PIDE, ACEPTA E OFRECE AXUDA AO GRUPO</b>	Pide ou ofrece axuda de forma natural cando é preciso de xeito respectuoso e non invasivo.	Pide ou ofrece axuda de forma natural cando é preciso.	Pide ou ofrece axuda de forma forzada cando resulta moi necesario, pero non lle resulta agradable facelo.	Non pide axuda cando a precisa nin a ofrece.	LG - CA3.7. EPV - CA2.4. CS - CA1.1.
	<b>D. RESPECTA AS QUENDAS DE PALABRA E AS NORMAS DE COMPORTAMENTO</b>	Respecta habitualmente as normas de comportamento e as quendas de palabra, e axuda a que o resto tamén o faga.	Respecta habitualmente as normas de comportamento e as quendas de palabra.	Respecta habitualmente as normas de comportamento, pero cústalle manter as quendas de palabra.	Non respecta habitualmente as normas de comportamento e intervén nas quendas doutras persoas.	LG - CA2.5. LG - CA3.4.



<b>ORGANIZACIÓN</b>	<b>E. ORGANÍZASE PARA TRABALLAR EN EQUIPO, CUMPRE OS ACORDOS E AS NORMAS DE TRABALLO</b>	Realiza, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións, tendo en conta os recursos que se necesitan, buscando solucións aos imprevistos e respectando os acordos do equipo.	Realiza, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións, tendo en conta os recursos que se necesitan e, coa axuda do adulto, busca solución aos imprevistos.	Realiza, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións.	Cústalle seguir o paso das actividades e cumprir os acordos do equipo.	LG - CA3.7. EPV - CA2.4. CS - CA1.1.	
	<b>COMPRESIÓN, EXPRESIÓN E ADQUISICIÓN DAS APRENDIZAXES</b>	<b>F. É QUEN DE COMPRENDER E ADQUIRIR AS APRENDIZAXES PLANIFICADAS</b>	É quen de comprender os contidos traballados, de adquirilos e de inferir ideas e consecuencias a partir deles.	É quen de comprender a maior parte dos contidos traballados e de adquirilos.	É quen de comprender parte dos contidos traballados, pero non de adquirilos.	Non é quen de comprender os contidos traballados nin de adquirilos.	LG - CA3.4. CN-CA2.1
		<b>G. É QUEN DE COMPRENDER UN TEXTO ESCRITO OU ORAL</b>	É quen de comprender un texto escrito e un oral sen apoio, identificar a información precisa e sintetizala de xeito coherente.	É quen de comprender a maior parte dun texto escrito ( A CARTA) e oral sen apoio e identificar a información precisa.	É quen de comprender un texto escrito ( A CARTA)con apoio docente e un oral sen apoio.	Non é quen de comprender un texto escrito( A CARTA) e mostra dificultade cun oral.	LG - CA2.5. CS - CA1.1.
		<b>H. É QUEN DE PRODUCIR UN TEXTO ESCRITO OU ORAL</b>	É quen de producir un texto escrito e un oral coherentes, axeitados comunicativamente e planificados.	É quen de producir un texto escrito e un oral( A CARTA), case sen apoio, coherentes e axeitados comunicativamente.	É quen de producir un texto escrito( A CARTA) con apoio docente e un oral sen apoio.	Non é quen de producir un texto escrito ( A CARTA)e mostra dificultade cun oral.	LG - CA3.7.

**DESEÑO DA TAREFA – LISTA DE COTEXO**

A tarefa está adaptada ás características e necesidades do contexto real da aula e respecta a atención á diversidade.

SI

NON

As actividades deseñadas atópanse na Zona de Desenvolvemento Próximo (ZPD) do alumnado.		
Os obxectivos redactados foron os axeitados para poder ser acadados con éxito.		
Alcanzáronse os principais obxectivos propostos.		
Traballáronse todos os estándares de aprendizaxe seleccionados na planificación da tarefa.		
A avaliación integrouse como un elemento máis da aprendizaxe e non como un elemento paralelo á mesma.		
Os instrumentos de avaliación resultaron prácticos e eficaces.		
Existe coherencia entre todos os elementos que compoñen a tarefa.		
Os recursos utilizados foron axeitados e de fácil acceso.		
A temporalización prevista axustouse á realidade.		
Foi necesario engadir algún elemento non previsto.		
Recolléronse propostas de mellora de forma práctica e eficaz.		
Está axustada á normativa vixente e ao Proxecto Educativo do Centro.		
Existe claridade na linguaxe utilizada no seu deseño e planificación.		

## Avaliación da PRÁCTICA DOCENTE–LISTA DE COTEXTO

	SI	NON
Tívoise como principio base a atención á diversidade (intereses, ritmos de traballo, habilidades...).		
Consegiuse a creación dun bo clima de traballo na aula.		
Utilizáronse metodoloxías activas e participativas: estruturas cooperativas e dinámicas.		
Traballáronse valores como o esforzo, o respecto e a tolerancia.		
A temporalización das actividades foi deseñada coa flexibilidade axeitada.		
Tívoise en conta a aparición de imprevistos na planificación e temporalización das actividades.		
Responduse ben aos imprevistos xurdidos no día a día.		
Realizouse unha anticipación das tarefas a realizar a todo alumnado, en especial, ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.		
As actividades propostas resultaron atractivas e motivadoras para o alumnado.		
O proceso de aprendizaxe resultou significativo para todas as persoas implicadas na tarefa.		
O produto final da tarefa resultou significativo para o alumnado e a comunidade educativa.		
Elaboráronse alternativas de traballo para o alumnado por se fora preciso.		